

## ACTIVIDADES EXTRA-AULARES NA ESCOLA

Francisco José M. Silvosa Costa\*  
Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMEN

Nada mejor para conmemorar el hecho de la jubilación de la Profesora Doctora Vázquez Armada que sus compañeros le dediquen alguno de los trabajos para el homenaje que la revista de "Innovación Educativa" le hace en justa medida a sus años de trabajo en la docencia, en este caso en la Escuela Universitaria de Magisterio de Lugo.

El tema de este trabajo está dentro de la historia de nuestro centro, al poco tiempo de ser incluido dentro de la Universidad (1979) y cuándo se creaban grandes expectativas por la nueva situación de la sociedad española que acababa de pasar por el mal trago de la invasión del Palacio del Congreso, se habían celebrado elecciones en octubre de 1982 y se estaba esperando las novedades educativas del gobierno socialista triunfante con mayoría absoluta.

El artículo fechado su original en marzo de 1983, nunca publicado, pertenece a una serie de pensamientos dedicados a aquella sociedad de hace veinte años que buscaba la posibilidad de articular las distintas tareas y objetivos que una sociedad moderna, se decía, ansiaba como cambio o como alternativa para la EDUCACIÓN del final del siglo XX y sobre todo buscando las bases de una ESCUELA del siglo XXI que creíamos debería ser la piedra angular del futuro del país.

A veinte años vista ¡ilusos!

**Palabras clave:** Sociedade, mestres, pais-nais, nenos-alumnos, actividades escolares, aula, educación integral.

### ABSTRACT

Nothing best than commemorate Profesora Doctora Vázquez Armada retirement, whit her partness offerig her some of their works and paying tribute to her in the magazine "Innovación Educativa" by the way of her years teaching at the Escuela Universitaria de Magisterio de Lugo.

This work's subject is in our educational institution history, short time after being included in the University (1979) when great hopes were born because of the new spanish society situation, after the invasion in the Congress; in October'82 elections were celebrated, and the educational innovations from the triumfant (whit absolute majority) socialist goberment were expected.

The article whit original date in march of 1983, never published, which belongs to a sort of thoughts about that society of twenty years ago, who looked for the posibilidad of put in keeping with diferents tasks and objectives that a modern society, like it was called, which longed like change or like alternative for the EDUCATION of the end of the XX century, in especial looking for the bases of the XXI century SCHOOL which we thought it should be the main "brik/first stone" for the future of our country.

Twenty years later, gullibles!

**Key words:** Society, teachers, father-mother, children-pupils, activities at school, class-room, total education.

---

\* Dpto. de Didáctica e Organización Escolar. Escola de Maxisterio de Lugo

## Prantexamento

O período da Historia que estamos a vivir é francamente interesante, moitos falan de reto. A sociedade española, atópase de seu, nese período histórico. Refírome a faceres unha sociedade máis xusta, máis igualitaria, máis normal.

Temos salido da longa noite de pedra, que decía Celso Emilio, e atopámonos con un povo xoven, que quere esquencerse de moitas cousas e loitar por unha vida millor, por unha vida máis doada e máis boa para os nosos fillos. Estamos a facer a democracia, a democracia non se ten, nin ven, senon que se fai; e faise en todos os ámbitos da vida. Por ista razón **a escola** e todo o seu mundo inscríbese nise facela democracia, ou millor **a escola** debe de ser o primeiro lugar onde se traballe en democracia e onde se traballe por un mundo millor, cecais conviría decilo típico: “ Se non o tiven eu, que o teñan os meus fillos”.

Niste marco débese entendela educación e niste marco débese entendela escola.


Non é moi antergo o dereito a Educación, como moito podemos poñelo en vinte ou vintecinco anos atrás, e si nos fixamos na lexislación española, iste dereito consagrado na Constitución ven de fai 5 ou 6 anos; niste estado de cousas enmárcase a entrada dos pais na educación institucional dos seus fillos (véxase o Estatuto de Centros Docentes, LODE). Agora xa non se fala de autoridade única e exclusiva do mestre. A idea de que o mestre é “*todo*” na educación quedou obsoleta. Remataron os tempos en que os pais tiñan que calar diante da “**opinión autorizada**” que o mestre daba dos seus fillos. Non tiñan dereito a opinar. Todo ficaba tal como o mestre decía, e o mesmo tempo a súa opinión era irrevocabel.

A educación hoxendía é, un introducirse na sociedade, para que diste xeito a escola sexa vital ( que sirva pra vida). Os oito anos do período escolar non deben significar un paréntese fútil e baldío, e o mesmo tempo inútil na vida dos nosos fillos, ten que ter un xeito especial, ten que ser un período de preparación para vida. Os contidos escolares teñen, por obriga, que ser facilmente transferibels a futura vida dos nosos nenos. A escola non ten que encher aos nenos dunha pila de contidos alonxados da realidade que van a vivir, se non daqueles que sirvan para formalos e conformar a futura sociedade. Dentro diste contexto sociolóxico da escola encárase ó futuro da nosa realidade educativa, e por ende o futuro da nosa sociedade.

## Desenrolo

A Educación é tarefa de todos; naturalmente isto non quer decir que todos teñamos que entender os diversos contidos da Pedagogía actual. Cada faceta da Educación ten de ter unhas compoñentes lóxicos, que non necesariamente temos que telos todos conqueridos, anque eso sí, todos temos que aportar algo de algún xeito algo para esa educación, e diste xeito chegar a educar millor os futuros integrantes da sociedade. Dentro diste concepto sociolóxico da Educación teñen que estar os **pais**, e as **Asociacións de Pais**. Todo isto quere decir que os pais dentro do proceso de formación dos fillos teñen unha actuación moi impòrtante e decisiva , i emporiso a Escola debe télos en conta, e traballar con eles.

A educación polo tanto non debe ser meramente informadora, de contidos, senon que ten de ser formadora, ou séase de axeitamento deses contidos a realidade. Para traballo da ponencia e con ánimo de clarificar ideas, compaxinemos as distintas facetas da Educación, cos estamentos que interveñen na mesma:




O esquema pretende ser dinámico, calisquera distes elementos atópase na **escola**, e a escola atópase na sociedade, si por algunha circunstancia rompemos a dinámica, os nenos van a sufrir as incomprensións dos pais e dos educaAutor: Win98Autor: Win98dores. A nadie se lle escapa que as incomprensións van de unha maneira directa cara ós pequenos.

Cando tanto se fala do fracaso escolar, e agora a fin de curso voltaremos a ouvir estas dúas verbas, sempre falamos do fracaso da escola e do estamento docente, pero...parámonos algunha vez a pensar que iste fracaso escolar pode estar vencellado á os pais e a familia. O neno chega a sufrir tanto as incomprensións dos mestres coma dos pais, e o fracaso escolar dentro dista dinámica entra non soio polos mestres, se non que hai unha parte de de responsabilidade nos pais.

Os tres estamentos pois, forman unha dinámica que tentará conquistar unha millor escola, coordinando os esforzos educativos dos estamentos **pais** e **mestres**, cara o estamento dos **fillos** e dos **alumnos**.

Quero facer notar que enmárcase todo na sociedade; na realidade na que estamos postos. Isto é, a dinámica sociolóxica da Educación, co movemento dos tres estamentos que forman parte da educación.


Os mestres teñen o seu cárrago o **plano didáctico** de contidos e de información, así como o **plano pedagóxico** de formación e de adecuación deses contidos a realidade (sociedade). Os pais teñen o seu cárrago o **plano pedagóxico**:



Non hai troque de papeis, son compatibles. Temos que facer coincidir estes dous planos para formación dos nenos. Non é pois, misión dos **pais** e polo tanto das **Asociacións de Pais** o entrar a discutir o plano didáctico, isto é misión e traballo do mestre e das instancias que de unha maneira directa dependen ou traballan con eles.

Partindo desta actitude, quedan fora as lindes que se viñan poñendo entre a familia, escola i entorno, do mesmo xeito fican deslindados os papeis dos pais e dos mestres, para traballar conxuntamente nun papel común: **A EDUCACIÓN DOS NÓSOS FILLOS**.

Os pais entran de forma directa no plano pedagóxico, como colaboradores dos mestres, e dentro de unha sociedade que busca o millor para os seus fillos. O feito de lles chamar **colaboradores**, non quere dicir **inoperantes**, por suposto que nunca quereda dicir **obedentes**, se non máis ben **actuantes** e dende logo de unha maneira directa. Reflexaríamolo así:



Polo tanto e según o gráfico os pais, que son o motivo desta ponencia, serían formadores dos seus fillos e estarían de unha maneira directa en colaboración cos mestres (informadores e formadores) dos seus nenos. Isto enmarcaríase por suposto dentro de unha realidade: **A SOCIEDADE que conforma a maneira de ser dos alumnos dos mestres e dos pais.**

Non entendo a Escola como igualatorio dos pequenos, unha escola correcta busca non a individualidade, pro sí a personalidade, que cada rapaz debe proxectarse tal cual é, que non teña que esconderse no marasmo da masa, non por igualar os alumnos se fan iguais e demócratas. Loxicamente tampouco entendo a Escola como un sitio para competir; as competicións non persoalizan os alumnos senon que os individualizan para a loita pola supervivencia social futura.


Ista interacción levaríanos a falar da participación dos pais na educación dos fillos. Pero... ¿cómo?... Un **pai**, unha **Asociación de Pais**, non pode ser de ningún xeito e en circunstancias normais o fiscal do Colexio e nunca o perseguidor implacabel do director ou do estamento directivo. Pola mesma un **pai**, unha **Asociación de Pais**, non pode depender do mestre, nin seres nomeada polo Colexio, e nunca escolleita polo director ou polo estamento directivo.

A educación é, COLABOURACIÓN, é traballo en común, e polo tanto anda a procura do millor para faceres resaltar a personalidade dos nosos fillos.

Reivindico para os pais o feito de entrades na comunidade escolar e o dereito a intervir nas actividades do colexio, o dereito en suma de seguireis paso a paso á educación dos fillos; iste seguimento non se fai con botar unha firma nun boletín de notas, mais ou menos ben cuberto, senon que se fai dentro de unha mutua colaboración tal e como dito.

## Final

Ista ponencia subtidúase "ACTIVIDADES EXTRA-AULARES NA ESCOLA", e non é un tíduo gratuito, se non que é unha maneira de vencellar isa tarefa educativa dos pais cara a conquistar unha millor escola, que representaríamos así:



Non entendo como a unha ampla gama de feitos e actividades da escola que por non figurar no curriculum do E.X.B. despáchanse de unha maneira un tanto gratuita cunha verba coa que non estou dacordo: **Extra-escolares** ( non quero entrar eiquí na polémica do curriculum de facto e o curriculum oculto, non é o momento). E non estou dacordo porque entendo unha escola como integradora, e aqueles contidos que por non ser aulares, non deixan de ser escolares teñen que engadirse o proceso educativo.

**Defendo a actividade AULAR como parcela didáctica, polo tanto propia do mestre, e defendo a actividade EXTRA-AULAR como algo en paralelo coa aula pro dentro da escola, por estares dentro da educación dos nosos fillos.**

*“La misión fundamental de los padres es responsabilizarse de la educación de los hijos; no lo es por el contrario, intentar llenar lagunas instructivas. La razón es clara: Los padres por el mero hecho de serlo tienen obligación de educar y aunque deleguen en el profesor, no quedan exentos de tal obligación: Por esta razón se dice que la Educación es tarea de los padres.*

*El docente no se rige por este principio, máxime hoy día que las tareas instructivas están obligadas a mantenerse en los cánones de una tecnología cada vez más especializada. Para llevar a cabo esta misión es necesario ser un especialista en la materia, y los padres dada la especialización en los campos de trabajo en la sociedad actual, no tienen por qué dominar esta especialización determinada.*

*En un sistema educativo, sobre todo si está centralizado en una o pocas personas, es normal que se informe a los padres de los objetivos de la escuela. Se pueden comunicar los programas, los organigramas y organización general.*

*Pero la información no es participación ya que puede quedarse en un plano pasivo. La verdadera participación es activa y comienza a hacerse realidad, por ejemplo, en los padres encargados de curso. De la misma manera que cada curso tiene un tutor o profesor encargado, también pueden tener unos padres encargados de curso.*

*Las funciones de éstos siempre en un plano de colaboración podrían ser:*

- *Colaborar con el tutor en la marcha del curso en todo lo que repercute de puertas afuera del colegio.*

- *Planificar y organizar actividades extra-aulares en comandita con los coordinadores del Colegio*
- *Servir de intermediarios respecto las opiniones de los demás padres frente al profesor-encargado de curso y del Colegio en general.*
- *Canalizar tipos determinados de información hacia los demás padres de alumnos del curso.*
- *Labores de mentalización, captación e integración.”<sup>1</sup>.*

Polo tanto e segundo o gráfico os pais, que son o motivo desta ponencia, serían formadores dos seus fillos e estarían de unha maneira directa en colaboración cos mestres (informadores e formadores) dos seus nenos, isto enmarcaríase, por suposto, dentro de unha realidade: **A SOCIEDADE que conforma a maneira de ser dos alumnos, dos mestres e dos pais.**

Xa non se trataría , pois, ( por falta de un caso concreto) de que o neno levara unhas deberes para a casa e que os pais lles axudaran a resolvelos, trataríase de cuestións máis vivenciais. O neno chegaría a súa casa cheo de motivacións, de curiosidade, de desexos de disfrutar de tantas e tantas cousas que están fóra das aulas. O neno sentiría coma con íl están a vivir estas situacións, aquelas persoas as que emocionalmente síntese xunguido: **PAIS e PROFESORES.**

A familia no E.X.B. non é un apéndice, pola contra é, un órgano moi importante; sin él a laboura educativa quedaría coxa.

Ista opinión é unha das moitas que veñen a coincidir sobor do tema da ponencia. Para non alongar innecesariamente as miñas verbas teño que decir, que considero como actividades extra-aulares a aquelas que non pertencen de unha maneira directa ao campo informativo-docente, anque non temos que esquencer que son actividades formativo-docentes e que van en beneficio da Educación Integral dos nosos fillos. O deporte competitivo, o teatro, a danza, o periódico, o cine, a fotografía, o vídeo, as excursións, as viaxes, as visitas; o coñecemento en suma, de feitos e actividades que non entran de maneira directa na aula, pero que pola súa introducción na sociedade e polo factor social na escola, son actividades escolares que non deben ser desvencelladas da realidade educativa.

Diste xeito a escola nos seus aspectos **formativo e informativo**, ten de ser complementado, conquerindo diste xeito un pensamento diverxente e por ende moi creativo. Loitando para acabar co pensamento converxente, que aínda agora está a imperar nas nosas escolas e dentro da súa actividade educativo-familiar, para que diste xeito o presente das nosas escolas sexa o futuro da nosa sociedade.

A seguridade emocional do neno, síntese reforzada pola participación dos seus pais nas súas tarefas escolares, siñificando unha boa protección no desenrolo da súa personalidade, do mesmo xeito, a presenza dos pais en todas as actividades que o neno vivencia supoñen para íl unha meirande satisfacción e unha nova motivación para o seu traballo.

<sup>1</sup> FERRÁNDEZ-SARRAMONA. (1979) : *La Educación: Constantes y problemática\_actual*. Barcelona. CEAC.

**É vital para os pais coñecer a marcha dos seus fillos na aula e a inversa, ou sexa, os mestres deben coñecer a marcha dos seus alumnos na familia. Na sinceridade distas relacións estará a educación ou como a chamaba ó principio da ponencia a “EDUCACIÓN INTEGRAL”.**

Ista pode ser a pedra angular da nosa relación coa escola, embargantes tamén temos que pedir que dende os estamentos educativos, xurdan estímulos que fagan posible ista participación.

Para rematares ista ponencia teño que voltar as palabras do principio: “A democracia non se tén nin ven; se non que se fai...” A escola debe mostrar isas primeiras clases de democracia na aula e na familia ca súa actuación. A Educación terá que dar respostas a sociedade, integrando a realidade que eiquí acabamos de expoñer.